

Estimados compañeiros de **ENCIGA**:

Chámome Francisco Rañal Loureiro e son profesor de Física e Química no IES Rosalía de Castro de Santiago. Algúns de vos tal vez lembredes que o curso pasado tiveron un conflito coa dirección do meu centro e coa inspección polas miñas cualificacións a alumnos de 2º de bacharelato entre os que se encontraban certos “fillos-de”. Este problema levoume a presentar dúas queixas ante o Valedor do Pobo cuxas resolucións saíron a semana pasada. Creo que poden ser do voso interese, pois nelas o Valedor refrenda os nosos dereitos á liberdade de cátedra, á avaliación, a ter acceso aos expedientes da Comisión de Supervisión de Cualificacións e a presentar recurso contencioso-administrativo contra o seu dictamen no caso de detectar erro grave ou indicios de arbitrariedade. Agora a Consellería de Educación ten un mes de prazo para contestar se acepta ou non as recomendacións do Valedor.

Por se en efecto vos interesan esas resolucións, volas adxunto a esta carta en sendos ficheiros, pero como son bastante longas e están escritas coa retórica legal, vos adxunto tamén o resumo que enviei á prensa, onde ademais fago unha breve sinopse dos feitos acontecidos o curso pasado.

Quería aproveitar, abusando claramente da oportunidade de dirixirme a todos vos que me brindou amablemente a directiva de **ENCIGA**, para deixarvos tres reflexións ao respecto de todo isto.

A primeira é que no noso país fíxose popular a idea de cualificar a un profesor polas notas que EL MESMO pon aos seus alumnos (un bon profesor é o que pon boas notas, se un profesor suspende moito é culpa do profesor, etc). Na miña opinión este concepto é absurdo, pois todos sabedes que o fácil e o cómodo para un docente e poñer boas notas. Suspende a un alumno só trae máis traballo, reunións cos pais, malas caras, etc. Pero desgraciadamente esta idea da docencia “guai” foi calando en na maioría do profesorado e así nos vai.

A segunda é que no meu caso puideron resistir as presións para subir as cualificacións simplemente porque son funcionario. Se traballase na privada ou *tragaba* ou agora mesmo estaba na cola do paro. Creo que isto debería ser tido en conta cando se ataca ao ensino público.

E a terceira non é miña, senón de Miguel Martín, profesor universitario e xefe de Oncoloxía do Gregorio Marañón. Saiu nunha entrevista no País Semanal e eu identifícome plenamente con ela:

*-“(…) España es un país que tiene unas peculiaridades que tenemos que intentar cambiar. (...) tenemos una enorme tolerancia con la corrupción. Yo soy profesor de universidad y hay gente muy prestigiosa que me llama cada día para pedirme que apruebe a su hijo que ha sacado un dos en el examen. **Esto, para mí, es un modo de corrupción, un intento de tráfico de influencias.** Y esto les parece normal. “Es humano”, dicen. A mí no me parece humano, me parece inaceptable, pero me veo obligado a tener que dar unas explicaciones como si yo fuera un monstruo o un loco, como si tuviera que justificar por qué no hago lo que me piden.”*

Quero aproveitar tamén para agradecer unha vez máis o apoio que me amosáchedes moitos de vos nos difíciles momentos que vivín o curso pasado, en especial, o noso presidente, Paulino Estévez.

Moitas grazas pola vosa atención. Recibide un cordial saúdo.